



Expediente número: PLN/2018/6

ACTA

**Sesión Extraordinaria e Urxente 6/2018
celebrada polo Pleno do Concello o día 14
de maio de 2018**

ORDE DO DÍA

- 1. Ratificación, se procede, da urxencia da convocatoria.**
- 2. Aprobación, se procede, da Modificación de Crédito MC 11/2018CE.01/18**

No Salón de Plenos da Casa do Concello, tras convocatoria efectuada por resolución da alcaldía número 1319/2018, sendo as vinte horas e tres minutos do 14 de maio de 2018 reúnense para a celebración de sesión extraordinaria e urxente, os/as seguintes concelleiros/as coa presidencia do sr. Alcalde, Javier Bas Corugeira,

GPM PP

Arturo González Barbeiro

María José Barciela Barros

María Teresa París Blanco

María del Carmen Amoedo Dasilva

Ángela Antón Pazos

Julio César Mougán Vázquez

Miguel Ángel Álvarez Ballesteros

GPM PSOE

Ana Isabel Rey Gómez

Eduardo José Reguera Ocampo



Leonardo Cabaleiro Couñago

Digna Rosa Rivas Gómez

Isaac Borja Araújo Figueroa

GPM AER

Xosé Covelo Míguez

Noé Cano Correa

Javier Bastos Devesa

GPM BNG

Xoán Carlos González Campo

NON ADSCRITO

Enrique Fojo Durán

Asiste o interventor do Concello, sr. Ángel Santamariña Rivera; e o sr. Carlos López Quintáns, Secretario Municipal, que dá fe do acto.

Unha vez verificado polo Secretario o quórum e a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, da que estendo a presente acta.

INCIDENCIAS:

- Con carácter previo ao tratamento dos asuntos incluídos na Orde do Día, a Corporación garda un minuto de silencio en lembranza das vítimas da violencia de xénero e violencia contra a infancia.



1. Ratificación, se procede, da urxencia da convocatoria.

Alcalde: esta sesión responde a que as inversións están vinculadas con prazos determinados, con períodos de exposición pública e non sabemos como pode dilatarse no tempo.

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometida a votación a ratificación da urxencia, apróbase por unanimidade dos/as concelleiros/as sendo 18 votos a favor (8 do PP, 5 do PSOE, 3 de AER, 1 do BNG e 1 do concelleiro non adscrito).

2. Aprobación, se procede, da Modificación de Crédito MC 11/2018CE.01/18

ANTECEDENTES:

Vista a proposta da Comisión Informativa de Economía e Facenda do día 11/05/2018 que di:

“Aprobación do expediente de modificación de crédito 11-18 CE 01-18 por importe de 1.596.070,59 €

En base ao expediente tramitado de modificación orzamentaria coma crédito extraordinario, en virtude da Memoria desta Alcaldía, empregándose como recurso de financiamento o remanente de tesourería para gastos xerais da liquidación do ano 2017.

Visto o informe da Intervención de 9 de maio de 2018 con referencia ASR-09.05.18.2 con dez páxinas e que consta de antecedentes, lexislación aplicable, seis consideracións e conclusión.

É por elo, que teño a ben propor á Comisión Informativa de Economía, Facenda e Desenvolvemento Local:

Primeiro.- Aprobar o crédito extraordinario :



Crédito extraordinario

APLICACIÓN	CONCEPTO	CONSIGNAC. INICIAL	INCREMENTO	CONSIGNAC. DEFINITIVA
1651A/6190038	Outras inversións de reposición de infraestruturas e bens destinados ó uso xeral IFS2018	0 €	170.000,00 €	170.000,00 €
1711A/6090038	Outras inversións novas en infraestruturas e bens destinados ó uso xeral IFS2018	0 €	368.070,59 €	368.070,59 €
3330A/6320038	Edifícios e outras construcións IFS2018	0 €	528.000,00 €	528.000,00 €
3361A/6190038	Outras inversións de reposición de infraestruturas e bens destinados ó uso xeral IFS2018	0 €	20.000,00 €	20.000,00 €
3421A/6320038	Edifícios e outras construcións IFS2018	0 €	510.000,00 €	510.000,00 €

As actuacións que se pretenden acometer son:

Na aplicación 1651A/6190038:

- Cambio luminarias Mendiño.
- Cambio luminarias Rabadeira.
- Cambio luminarias Xunqueira.
- Cambio luminarias Xeneral Rubín.
- Cambio luminarias praia Cesantes.
- Cambio luminarias Arealonga-Laredo.



- Cambio luminarias Alfonso XII.
- Cambio luminarias Pai Crespo.
- Cambio luminarias Cubillón, Chapela

Na aplicación 1711A/6090038:

- Parque recreativo Ventosela.
- Parque recreativo Eidos.
- Parques unitarios.
- 1ª fase parque recreativo en San Estevo.
- Parque recreativo no piñeiral do Crego.
- Parque urbano na zona de Santa Mariña – A Marisma

Na aplicación 3330A/6320038:

- Rehabilitación escola de Trasmañó.
- Rehabilitación escola antiga de Cedeira.
- Rehabilitación casa cultural do Viso.
- Espazo cultural en Quintela.

Na aplicación 3361A/6190038:

- Sinalización e mellora da ruta das Pedras.

Na aplicación 3421A/6320038:

- 1ª fase do proxecto do campo de fútbol do Viso.
- Acondicionamento para pista de skate e baloncesto.
- Obras no complexo deportivo de Santa Mariña.

Segundo.- Que se continúe a tramitación do expediente, con posterior exposición pública, no BOP e no Taboleiro de anuncios da Corporación. Así mesmo, facultar ao Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quen delegue, para levar a cabo todos os trámites necesarios para a consecución deste fin.



Terceiro.- Que se non se presentan reclamacións, entenderase definitivamente aprobado e se publicará no BOP e no Taboleiro de anuncios da Corporación.

Cuarto.- Remisión de copia ó Estado e á Comunidade Autónoma.

INTERVENCIÓNS:

Sra. Amoedo: trátase da empregar o remanente que temos, o importe que se pode utilizar está en torno ao millón e medio de euros. As actuacións que propoñemos pensamos que son precisas e importantes, con incidencia nas parroquias dos nosos concellos. Darán maior relevancia a parroquias afectadas polo AVE, parroquias con problemas de iluminación... En cada unha das partidas que corresponden se fixo un desenvolvemento das mesmas indicando actuacións con cambios de eficiencia enerxética. Actuacións como en Mendiño, Xeneral Rubín, Chapela... son as primeiras zonas polas que queremos comezar. No Redondela 2020 vai unha partida importante para eficiencia enerxética e cambios de luminaria.

En Ventosela vai o parque infantil e unha zona de SKATE, tamén parque recreativo dos Eidos, etc. Trátase de zonas que pretenden deslocalizar as áreas de recreo de Redondela e Chapela. Tamén se farán melloras por exemplo co Parque Recreativo de San Estevo, co da zona do Piñeiral do Crego e na zona da Marisma.

Existe partida para a rehabilitación da Escola de Trasmañó. Tamén están entre outras: melloras e rehabilitación da Antiga Escola de Cedeira, rehabilitación da Casa Cultural do Viso... Prevese un espazo cultural en Quintela porque non hai casa de cultura nin espazo para que os veciños teñan reunións e poder facer actividades. Prevese a mellora da Ruta das Pedras así como amellora das instalacións deportivas no Campo do Viso porque a Deputación decidiu mellor que non; instalacións deportivas na zona de Santamariña con primeira pista de SKATE e cancha de baloncesto.

Consideramos que dentro do que nos permite a Lei facemos actuacións para mellorar a calidade de vida dos cidadáns, con espazos de lecer e disfrute.

Sr. González: di que o BNG non se sumou ás negociacións que se levaron a cabo a partir dunha proposta inicial que fixo o Alcalde.

A voceira do PP falaba das melloras do campo de fútbol da Gándara e trátase de algo que xa fai anos o consello parroquial aprobou para que o Concello a levase a cabo. Ata fai un mes non houbo un acordo coa comunidade de montes para a cesión destes terreos, non houbo interese por parte do equipo de



gobierno para facela. Dispuxeron de cartos e tempo para facelo. Nunca se fala de que a Xunta pode aportar. Nos parece importante a eficiencia enerxética en todo o Concello pero o Redondela 2020 recolle unha área na que se podería recoller esta actuación. Non queda claro cal é a casa que se rehabilitará no Viso. Fala de reivindicacións veciñais: parques unitarios en San Pedro de Cesantes e Ventosela. Hai moitas demandas que teñen que ir vía orzamentos participativos para que se lles concedan.

Quero facer énfase de onde sae este remanente: isto vén da subida do catastro porque eses cartos son da maioría dos veciños de Redondela. É necesario que sexa unha prioridade o saneamento e que o mesmo medre.

Sr. Covelo: o remanente básicamente é o que non se dá gastado no ano natural, isto implica tamén planificación. No remanente de tesourería do 2016 hai obras que están sen executar. Naquelas opinamos que o Pleno debía ser o que decidise pero con esforzo para integrar a proposta da veciñanza e debater. Trátase de priorizar e ver que inversións son as oportunas. Do ano 2016 hai moitas obras sen facer, tamén do Plan Concellos no que tampouco se recibiu a posibilidade de recibir aportacións; no Redondela 2020 tamén estamos facendo propostas. En abril se abriu a posibilidade de facer propostas para este remanente, fixemos propostas, algunhas delas non encaixaban unha vez que falamos co interventor. Nos reunimos co goberno local para saber as súas propostas e a súa xustificación. Das nosas propostas están algunhas delas. Consideramos moi importante a eficiencia enerxética e parécenos insuficiente o que vai adicado neste remanente; temos que ser conscientes que os aforros que se poden obter poderían adicarse para outras actuacións.

Sr. Cabaleiro: é unha modificación de crédito por importe de 1.596.000 euros o que significa que o goberno non xestionou ben os cartos. Deixaron de investir no seu momento cando era necesario. Non somos AER, cando lles demos a confianza para xestionar o remanente anterior votamos por responsabilidade porque estaban actuacións como a Xinaria. Todos os que estamos aquí queremos que Redondela prograse. O PP está facendo chantaxes. Os socialistas defendemos o benestar da xente; os cartos do Plan Concellos da Deputación estámolos enterrando; a vostedes gústanlle obras de campanario, é dicir, obras á vista. Dicían que en Redondela votabamos unha cousa e en Pontevedra outra. O Plan Concellos é un diñeiro que se distribúe proporcionalmente e con criterios pactados; naquel momento no Pleno da Deputación se propuxo que o campo de Cesantes se fixese a conta do Plan Concellos, igual que se fixo noutros Concellos.

Sra. Amoedo: dicirlle ós sres. González, Cabaleiro e Fojo que tiveron a mesma oportunidade que AER de facer propostas pero non as fixeron. Quéixanse pero en vacío. Vostedes son incapaces de propoñer absolutamente nada. O ano pasado estabamos abertos a aportacións e este ano tamén, ¿Cantas fixeron? Non falaram nada na comisión porque non acudiron, ás xuntanzas tampouco



acuden. O da Deputación é de vergoña, con que Concellos se fixeron convenios directos por importes moi importantes...O Grove, Fornelos de Montes...

Quero aclararlle varias cousas ó sr. González que di que non sabe cal é a do Viso, si asistise ás reunións ou comisións saberíao. Di o sr. Cabaleiro que enterramos os cartos da Deputación, pero cando deixaron o goberno dicían que o saneamento xa estaba case todo feito e a realidade foi que tivemos que facer moito en saneamento. Non lle interesan os investimentos que dixen aquí porque igual pensan que non son o seu electorado. Os cartos que a deputación lle deu a Redondela eran os que nos correspondían legalmente. Di o sr. Cabaleiro que ofrecemos chantaxes: dígame cales, onde e como. Minte. Di que non se fían de nós e resulta que somos os números un en transparencia. Si a vostedes lle importase Redondela o primeiro que farían sería aportar.

Sr. Fojo: co remanente do ano pasado xa dixemos que son cartos que se deixaron de gastar para nós. Mala planificación. Parécenos un paso adiante que se posibilite a adicación dos demais partidos. Para nós as obras son todas necesarias anque parecen de final de lexislatura. Absterémonos.

Sr. González: respecto da capacidade e planificación temos unha concelleira de servizos sociais que cobra 24.000 euros e non ten como prioridade trasladar un local no que xa ten todo cociñado de antemán. Respecto do saneamento, o BNG sempre apostou por investir nel e aumentalo: do Plan Concellos e máis daquel remanente foron con nós 2.700.000 euros. Agora neste remanente 173.000 euros. O único concepto que ten o PP con este remanente é o rédito electoral.

Se aceptamos que renovar todo o campo de fútbol son 600.000 euros; se tiveran vontade xa terían as xestións feitas moito antes. Non lle podemos dar apoio a este goberno municipal.

Sr. Covelo: non nos fiamos de ninguén e en concreto o que buscamos no labor político é que se realicen demandas que consideramos prioritarias. Estamos traballando todos no Redondela 2020 e noutras cuestións nas que fai falla sumar. Pero tamén podemos dicir que non, se non estamos de acordo. O ano pasado non estivo o remanente aberto a que fixeramos proposicións. Na anterior pediamos que quedase enriba da mesa para que existisen propostas cun traballo previo por todos. Isto é o que se fixo desta vez, pode ser mellorable pero houbo un salto considerable en substituír camiños e pichi por exemplo, en eficiencia enerxética, porque é unha inversión que trae un retorno. Tamén consideramos importantes e interesantes outras inversións, como a da zona interesante inversión na zona recreativa dos Eidos.

Sr. Cabaleiro: sra. Amoedo vostede non se enterou do local de servizos sociais, dixémosllo nós.



A xestión deste orzamento non só era inadecuada, tamén se esqueceron das súas promesas electorais como o patio cuberto de Santa Mariña para que 400 rapaces poidan facer ximnasia. Hai cuestións nos colexios que son responsabilidade do Concello e non se están facendo, están abandonados. Vostedes permitiron o estropicio do Colexio Escolar de Trasmañó, o único que fixeron foi ir agora a desbrozar. Ese colexio está totalmente deteriorado. Dende o PSOE queremos que se fagan obras pero non confiamos en vostedes. Nos absteremos.

Sra. Amoedo: vostedes están perdidos sr. Cabaleiro. Falan da Deputación e do que fixo, a traición maior é a da sra. Rivas, non defende a Redondela. Javier Bas fixo o seu traballo.

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometida a votación a proposta antes indicada e que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Economía e Facenda, resulta aprobada en votación ordinaria por maioría dos concelleiros presentes, sendo 11 votos a favor (08 do PP e 03 de AER) e 07 abstencións (01 do BNG, 05 do PSOE e 01 do concelleiro non adscrito).

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte horas e cincuenta e cinco minutos do día indicado no encabezamento, o sr. Alcalde dá por rematada a sesión, da que se redacta a presente acta e da que, como secretario, dou fe.